

A XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL

1. Órgano de representación

A dirección e administración de Culturmar é exercida pola Xunta Directiva; a día de hoxe formada por 7 membros representantes de distintas asociacións que compoñen a Federación.

Elixidos en Asemblea Extraordinaria o 21 de marzo do 2026, actualmente a Xunta Directiva está composta por:

PRESIDENTA: Mónica Leiro Bua (Illa de Arousa) en representación da <i>Asociación Cultural Deportiva Promotora de actividades Xuvenís Fasquía</i>
VICEPRESIDENTA: M^a José García Campo (Sada) en representación da <i>Asociación Cultural Mariñeira Os Patexeiros</i>
SECRETARIO: Marcos Buide Pollán (Santiago de Compostela) en representación da <i>Asociación Cultural Lajareu por Barlovento</i>
TESOUREIRA: Iria Fernández Delgado (Pontevedra) en representación da <i>Asociación Amigos da Dorna Meca</i>
VOGAL: Alberto Martínez Pintos (Pontevedra) en representación da <i>Asociación Cívico Cultural Terra de Outes</i>
VOGAL: Santiago Mougán Rodríguez (Illa de Arousa) en representación da <i>Asociación Cultural Deportiva Promotora de actividades Xuvenís Fasquía</i>
VOGAL: Juan Miguel Vivanco Criado (Sada) en representación da <i>Asociación Cultural Mariñeira Os Patexeiros</i>

A distribución de cargos da Xunta Directiva foi realizada seguindo o indicado nos artigos 19º e 45º dos Estatutos e ratificada por unanimidade dos asistentes en asemblea no mesmo acto.

2. Retribucións

A labor da Xunta Directiva está prestada de xeito desinteresado por todos os membros que a compoñen, non percibindo ningunha retribución polos servizos prestados a favor da Federación. Únicamente son compensados aqueles gastos nos que se incorre, previa xustificación, no desenvolvemento da súa condición tales como desprazamentos, peaxes...

Así se recolle no artigo 20º cap. III dos seus estatutos, "*estes cargos serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados os gastos xustificados polo desenvolvemento da súa condición de representante da Federación Galega pola Cultur Marítima e Fluvial. Carecen de interese económico nos resultados da actividade...*"